

A Segunda República española é o período histórico comprendido entre o 14 de abril de 1931, cando tivo lugar a proclamación republicana, e o 18 de xullo de 1936, momento do alzamento militar que acarreeu tres anos de Guerra Civil, coa definitiva liquidación do réxime republicano o 1 de abril de 1939.

A chegada da República

Dende a dimisión do dictador *Miguel Primo de Rivera*, en xaneiro de 1930, ata a instauración da II República, transcorreron catorce meses nos que, mostrada a inviabilidade da fórmula dictatorial, era necesario retornar gradualmente a senda constitucional truncada co pronunciamento militar de 1923. Dende esta perspectiva restauradora e defensiva, nos epílogos da monarquía de *Alfonso XIII*, xestáronse propostas polo xeneral *Dámaso Berenguer* e polo seu sucesor, o almirante *Juan Bautista Aznar*, respaldadas pola presidencia do goberno, consistentes na elaboración dun calendario electoral que, posteriormente, fora responsable do cambio da forma de goberno en España.

O chamado Pacto de San Sebastián (agosto de 1930), e a crecente oposición de moitos españois dispostos a camiñar por rotas democráticas, contribuíron a accelera-lo ritmo inicialmente previsto da democracia. A convocatoria ás urnas fixada para o 12 de abril de 1931 desbordou, en opinión dos analistas, unha simple cita de relevo municipal para converterse nun auténtico plebiscito a favor ou en contra da monarquía. O aplastante triunfo obtido nestas eleccións polos republicanos nas capitais de provincias e nos centros neuráxicos de decisión supuxo, pese o maior número de concelleiros monárquicos elixidos a nivel nacional, o fin do reinado da *Casa de Borbón*, coa saída de Alfonso XIII do país e a chegada pacífica da República española.

O bienio reformador ou republicano-socialista (1931–1933)

As eleccións xerais ás Cortes Constituíntes convocadas polo goberno provisional para o 28 de xuño de 1931 deron o triunfo ós socialistas (*Partido Socialista Obrero Español, PSOE*) e ós pequenos partidos republicanos (*radicalsocialistas, Acción Republicana*), encargados de formar un novo gabinete presidido por *Niceto Alcalá Zamora*. A redacción dun texto constitucional adaptado ás novas regras de xogo ocupou durante estes meses de rodaxe os principais desvelos dos líderes políticos, conseguindo aprobar antes de fin de ano o articulado definitivo. A Constitución do 9 de decembro de 1931, que definía España coma unha República de traballadores de toda clase en expresiva alusión as contrapostas percepcións da realidade nacional, foi froito dun laborioso consenso e un dos escasos exemplos de *constitucionalismo español* que implicaba unha acesa defensa da democracia representativa e das liberdades (soberanía popular, sufraxio universal masculino e feminino, a confesionalidade do Estado, dereitos individuais e sociais).

A convicción gubernamental do reto que entrañaba elevar a renqueante España da década de 1930 á altura das potencias occidentais do seu entorno, inspirou unha política reformista identificadora do talante dominante neste bienio. Entre as medidas reseñables cabe indicar a reforma militar acometida por *Manuel Azaña*, a sazón presidente do goberno e responsable do Ministerio de Guerra, tendente a racionaliza-lo anticuado e hipertrofiado exército español. A oportunidade destas disposicións, recoñecida pola maioría dos historiadores, contrastou coa falta de tacto dos novos responsables públicos ó abordar a reforma relixiosa. En axustes de competencias en canto as relacións entre a *Igrexa e o Estado* acabou por ser unha grave equivocación política, como admitiría máis tarde o propio Azaña, e serviu de pedra angular dunha campaña orquestrada en contra do réxime tachado de anticlerical e revanchista.

Xunto ós avanzados decretos de carácter socioeconómico providos polo Ministerio de Traballo rexido por *Francisco Largo Caballero*, a *reforma agraria*, orientada nun cambio profundo da estrutura da propiedade da terra, obtivo escasos resultados debido á súa burocratización; ós limitados instrumentos para a súa posta en práctica; e á oposición a ultranza dos terratenentes. Maior imaxinación mostrou a estruturación territorial do

Estado, deseñada baixo unha fórmula autonómica (Estado integral) con posibilidade de autogoberno para as rexións solicitantes. *Cataluña*, co seu Estatuto de Autonomía votado polas cortes en setembro de 1932, aproveitando o impacto psicolóxico do conato golpista coñecido como *La Sanjurjada* (protagonizada polo xeneral *José Sanjurjo*), foi a primeira comunidade en disfrutar de feito desta nova vía descentralizadora, moi por diante do *País Vasco*, que tivo que agradar o estalido da Guerra Civil, en tanto que *Galicia* non chegou a ver refrenada polas Cortes a aprobación plebiscitaria do seu Estatuto ata o 28 de xuño de 1936. A educación, en especial o nivel da ensinanza primaria, así como aspectos relativos á Facenda e á fiscalidade foron outros ámbitos remozados, con desiguais bríos, neste apretado bienio.

Trala disolución das Cortes (Parlamento) efectuada polo presidente da República, Alcalá Zamora, as eleccións xerais celebradas en novembro de 1933 puxeron de relieve a coordinada relación que crearan fronte este paquete de medidas os grupos máis conservadores da *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), clave da súa espectacular victoria nesa consulta.

O bienio restaurador ou radical–cedista (1933–1935)

A principal preocupación do bienio liderado por cedistas e radicais (estes últimos, membros do *Partido Radical*) apoiouse no desmantelamento da obra reformista precedente, considerada en termos sociais e relixiosos nefasta para os intereses de España. Esta marcha atrás detéctase, con nitidez, en leis coma a denominada contrarreforma agraria do ministro de agricultura *Nicasio Velayos* (1 de agosto de 1935), que convertiu en papel mollado o lexislado na etapa anterior. Os acontecementos ocorridos en Asturias e Cataluña durante o outono de 1934 (*Revolución de Octubre*) agudizaron a crispación de amplios sectores sociais cada vez máis radicalizados, ó que o seu apaciguamento pouco contribuíron as posicións das ás caballerista do socialismo (seguidores de Largo Caballero) e dos extremistas da ultradereita. Unha nova disolución das Cortes decretada en decembro de 1935 pusibilitou nas eleccións de febreiro de 1936 o triunfo das esquerdas ligadas para a ocasión no unificado *Frente Popular*, excepto a situación de Alcalá Zamora na presidencia da República por Azaña mediada a primavera.

O Frente Popular e o camiño cara á guerra (febreiro–xullo de 1936)

Ó revisionismo anterior, os dirixentes do Frente Populista contrapuxeron a axilización da reforma agraria mediante a lexislación das ocupacións de fincas e un intento de arbitraje entre as reivindicacións extremas populares e a oposición das dereitas. Nunha dinámica de ascendente crispación, o asasinato do dirixente de extrema dereita *José Calvo Sotelo*, que aconteceu o 13 de xullo, foi motivo dunha alteración nos plans estratéxicos do xeneral *Emilio Mola Vidal* e dos demais conspiradores antirrepublicanos, así como o adelantado golpe militar do 18 de xullo. Éste será o inicio da Guerra Civil, que culminou coa victoria franquista en abril de 1939, fin da axitada experiencia republicana.